



INFORME DE RESULTADOS DA AUDITORÍA OBSERVACIONAL DE HIXIENE DE MANS 2023

Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

1. Introducción

As infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS) son o evento adverso máis frecuente a nivel mundial no ámbito dos sistemas sanitarios, con graves consecuencias para os pacientes (aumento de morbilidad, das estancias hospitalarias, dos reingresos,...), supón un maior gasto sanitario e teñen o problema engadido de aumentar a resistencia aos antimicrobianos.

A prevención das IRAS constitúe unha oportunidade de intervención para garantir a seguridade dos pacientes.

Do informe mundial sobre prevención e control de infeccións publicado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) despréndese que, cando se seguen prácticas adecuadas en materia de hixiene de mans e outras prácticas eficaces en función dos custos, o 70% das infeccións poden previr. A OMS invita ao persoal sanitario e ás persoas que accedan aos centros sanitarios a unirse e garantir que a hixiene de mans se realice, como medida prioritaria para previr as IRAS e evitar a diseminación de microorganismos multirresistentes. É importante o compromiso e implicación dos profesionais de todos os ámbitos asistenciais na integración da hixiene de mans, do uso correcto dos guantes e do uso inadecuado de xoias e/ou uñas na práctica clínica do día a día, realizando a hixiene de mans nos 5 momentos críticos.

Non obstante, e a pesar de toda a evidencia científica dispoñible en relación á eficacia e efectividade da hixiene de mans na prevención e control das infeccións derivadas da asistencia, a adherencia dos profesionais sanitarios a dito procedemento segue a ser baixa.

O Servizo Galego de Saúde coñecedor da importancia da HM na prevención das IRAS, leva incluíndo esta medida nos Acordos de Xestión (ADX) coas áreas sanitarias desde o 2017, establecéndose como obxectivo para o ano 2023, acadar unha adherencia ás recomendacións de HM da OMS $\geq$ ao 60% das oportunidades

para a HM, por parte dos profesionais sanitarios dos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Para avaliar o cumprimento deste obxectivo, a Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria coordinou auditorías observacionais de hixiene das mans nos hospitais do Servizo Galego de Saúde e no Hospital Povisa, que foron realizadas por catro observadores/as externas nun corte, no primeiro semestre.

Neste informe preséntase a análise dos datos obtidos nesas auditorías en relación á adherencia á HM, seguindo as recomendacións da guía da OMS.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivo xeral

- Avaliar a adherencia dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde ás recomendacións da OMS para a hixiene de mans.

2.2. Obxectivos específicos

- Sensibilizar aos profesionais e aos directivos dos hospitais sobre a importancia da hixiene de mans na prevención das IRAS. E así contribuír á cultura de seguridade do noso centro sanitario.
- Identificar áreas de mellora co fin de que se implanten as accións necesarias para incrementar a adherencia á hixiene de mans.

3. Análise

Para valorar a correcta realización da HM, calculouse a porcentaxe de adherencia como se mostra a continuación:

– **Adherencia á HM:** porcentaxe de oportunidades para a HM nas que os profesionais realizan a HM de maneira correcta con PBA ou auga e xabón, sobre o total de oportunidades para a HM observadas.

$$\frac{\text{Nº oportunidades para a HM nas que os profesionais realizan HM correcta con PBA ou auga e xabón}}{\text{Total de oportunidades observadas para a HM}} \times 100$$

Analizouse a adherencia á HM con PBA ou auga e xabón en 4 niveis: o global da mostra (oportunidades para a HM observadas no conxunto do Servizo Galego de Saúde e no Hospital Povisa), o Servizo Galego de Saúde, por áreas sanitarias e por centro hospitalario. A maiores, avaliouuse a adherencia á HM por servizos dentro dos hospitais de cada área.

Nesta análise proporciónanse dous resultados de adherencia: sen contar e contando como incorrectas aquelas oportunidades nas que os profesionais levaban uñas longas e/ou vernizadas e/ou xoias (incluídos reloxo).

Tamén se realizou unha análise comparativa dos resultados obtidos nesta auditoría con respecto aos da auditoría realizada no ano 2019.


4. Resultados

Os resultados que se presentan a continuación refírense as observacións recollidas nas auditorías.

4.1. Adherencia á HM ano 2023

Nas auditorías realizadas no ano 2023 obtivéronse un total de 3796 oportunidades para a realización da hixiene das mans (3549 do conxunto do Servizo Galego de Saúde máis 247 do Hospital Ribera-Povisa).


As porcentaxes de adherencia presentan importante variación entre as diferentes áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. De non ter en conta o uso de xoias/uñas longas ou vernizadas, o rango de adherencia entre as diferentes áreas sanitarias abarca do 46,1 % da Área de Vigo ao 66,0 % da Área de Pontevedra e O Sanles e 66,4% do Hospital Ribera-Povisa ; ao eliminar esas observacións, o rango de adherencia vai do 24,7 % da Área de Vigo ao 57,5 % da Área de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos (gráfica 1).



Gráfica 1. Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nas áreas sanitarias con e sen avaliar o uso de xoias e/ou uñas inadecuadas no ano 2023 **Sergas** =Servizo Galego de Saúde.

A nivel hospitalario, cómpre destacar o Hospital público de Monforte de Lemos por ser o que acadou os mellores resultados de adherencia avaliando o uso de xoias e/ou uñas inadecuadas (72,5 %). O Hospital do Barco de Valdeorras acadou o mellor resultado sen avaliar o uso de xoias e/ou uñas inadecuadas (76,8 %). Non obstante, cando avaliamos o uso de uñas inadecuadas e/ou xoias, 3 centros hospitalarios obtiveron resultados por debaixo do 30% de adherencia (gráfica 2).


% DE ADHERENCIA A LA HM POR HOSPITALES 2023



Gráfica 2. Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nos centros hospitalarios con e sen avaliar o uso de xoias e/ou uñas inadecuadas no ano 2023. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.


Finalmente, observouse que en 531 oportunidades do total de oportunidades nas que houbo cumprimento (2122), o profesional levaba xoias e/ou uñas longas ou vernizadas. Isto supón un 25%. A maior porcentaxe de oportunidades nas que o profesional levaba xoias e/ou uñas inadecuadas corresponde á categoría de médicos (% das oportunidades), seguida dos profesionais de enfermaría (%), despois o persoal celador (%) e finalmente TCAE (%).

No que se refire á categoría profesional dos traballadores observados, a mellor porcentaxe de adherencia (con PBA ou con auga e xabón), na análise do total das




oportunidades rexistradas considerando como hixiene de mans realizada aquelas oportunidades nas que o profesional levaba xoias, e/ou uñas inadecuadas, foi acadada polos profesionais de enfermaría TCAE (60%), seguidos de TCAE (50%), personal médico (54%) e por último outras categorías (9%).

Esta orde non modifícase se consideramos como hixiene de mans realizada




aquelas oportunidades nas que o profesional no levaba xoias, e/ou uñas inadecuadas (enfermaría: 44%, TCAE: 40% médicos: 32%, outras categorías profesionais: 0%).

En relación aos “5 momentos para a HM” descritos pola OMS, o cumprimento a nivel global e tendo en conta todas as oportunidades observadas, foi por orde “despois de exposición a fluídos biolóxicos” (73% de adherencia á HM), “despois do



contacto co paciente” (67%). “Despois do contacto coa contorna do paciente” (59%), “antes de realizar tarefa aséptica” (37% de adherencia) e finalmente, “antes do contacto co paciente” (33% de adherencia).

Ao avaliar o uso de xoias e/ou uñas inadecuadas non hai variacións na orde dos momentos en canto á adherencia.




4.2. Comparativa resultados 2022 e 2023

Na análise realizada, tendo en conta o total de oportunidades rexistradas, obsérvase para o global do Servizo Galego de Saúde (sen Povisa) unha melloría de case 7 puntos porcentuais na adherencia á HM, en relación cos datos do ano 2022 (55,2 % fronte ao 48,3%) (gráfica 3).


Así mesmo, podemos observar que, en xeral, as áreas sanitarias obteñen mellores resultados que no 2022, excepto as áreas sanitarias de Coruña e Cee; Ourense, Verín e O Barco e o Hospital Ribera-Povisa con menor porcentaxe de adherencia á HM que o ano anterior.

Cabe destacar a Área Sanitaria de Ferrol, por presentar o maior incremento da porcentaxe de adherencia á HM (incremento do 21,4%).




Gráfica 3. Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nas áreas sanitarias no ano 2022 e 2023, tendo en conta o total das observacións rexistradas. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.

En relación aos centros hospitalarios, se non temos en conta o uso de xoias e/ou uñas inadecuadas, podemos observar que a maior parte deles presentan mellores datos en comparación co ano 2022, sendo o Hospital Público do Barco e o Hospital de Monforte de Lemos os que máis incrementaron a porcentaxe de adherencia. Non obstante, 7 centros hospitalarios obtiveron peores resultados que no ano 2022. Neste caso é o C.H.U de Ourense o que presenta un descenso maior pasando do 57,7% no ano 2022 ao 36,6% de adherencia no 2023 (gráfica 4).




Gráfica 4. Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nos centros hospitalarios no ano 2022 e 2023 avaliando o total de observacións. **Sergas:** Servizo Galego de Saúde

Cando realizamos a análise tendo en conta o uso de xoias e/ou uñas longas e/ou vernizadas, no global do Servizo Galego de Saúde (sen Povisa) obtense unha maior porcentaxe de adherencia en comparación co ano 2022 (36,8% fronte a 41,0%). Esta melloría é moi significativa nas áreas sanitarias de: Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos e na área sanitaria de Ferrol (Gráfica 5)



Gráfica 5. Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nas áreas sanitarias no ano 2022 e 2023, tendo en conta o uso inadecuado de xoias-uñas. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.



Gráfica 6. Porcentaxe de adherencia á HM (con PBA ou auga e xabón) nos centros hospitalarios no ano 2022 e 2023 tendo en conta o uso inadecuado de xoias-uñas. **Sergas**=Servizo Galego de Saúde.

A adherencia observada no ano 2023 con respecto ao 2022 aumenta en 7 dos centros hospitalarios e diminúe en 8 deles, cando realizamos a análise avaliando como incorrectas as oportunidades nas que os profesionais levaban xoias e/ou uñas inadecuadas.

Así, o Hospital de Monforte de Lemos pasa do 33,2% no 2022 a unha adherencia do 72,5% no ano 2023, obtendo os mellor resultados de Galicia no ano 2023. Destacar tamén o incremento do Hospital da Mariña e do Hospital do Barco de Valdeorras.

Por outra banda, 8 son os hospitais que obtiveron peores resultados con respecto á auditoría realizada no ano 2022 cando realizamos a análise avaliando como incorrectas as oportunidades nas que os profesionais levaban xoias e/ou uñas inadecuadas, sendo o C.H.U. de Pontevedra o que presenta unha maior diminución na porcentaxe de adherencia ao pasar dun 68,9% no 2022 a un 41,8% no 2023, seguido do Hospital Virxe da Xunqueira que pasa de un 53,9% a un 34,7%.

5. Conclusións

- Os resultados obtidos neste estudo mostran porcentaxes de adherencia á hixiene das mans superiores ás obtidas nas auditorías do ano 2022, tanto para o global do Servizo Galego de Saúde como para a maioría dos hospitais auditados, cun incremento inferior ao que cabería prever dado o impulso histórico que se lle dou á hixiene de mans a raíz da pandemia.
- **Só 2 Áreas Sanitarias e o Hospital Ribera- Povisa obtén un % Adherencia á HM $\geq$ 60% (Objetivo ADX 2023).**
- Por outra banda, 8 son os hospitais que obtiveron peores resultados con respecto á auditoría realizada no ano 2022 cando realizamos a análise avaliando como incorrectas as oportunidades nas que os profesionais levaban xoias e/ou uñas inadecuadas. E por iso, é de grande importancia que os axentes implicados na prevención e control das IRAS incidan nesta cuestión e conciencien aos profesionais da necesidade de evitar o seu uso.
- Se avaliamos o total de oportunidades rexistradas, obsérvase pouca variabilidade na adherencia en función do tipo de hospital, se ben os hospitais con mellores resultados son de primeiro nivel. Non obstante, se consideramos como incorrectas as observacións nas que os profesionais levaban xoias e/ou uñas inadecuadas, estas diferenzas son maiores, destacando positivamente estes hospitais fronte aos de segundo e terceiro nivel.

- No 2023 os maiores valores na adherencia á hixiene de mans corresponden aos profesionais de enfermaría. Destacar o incremento no % de adherencia á HM dos profesionais médicos.
- Ao igual que o observado nas auditorías realizadas ata o de agora, a maior adherencia á HM prodúcese despois da exposición a fluídos biolóxicos e despois do contacto co paciente ou a súa contorna (**enfoque de autoprotección**).
- Finalmente, e aínda que non é obxectivo desta auditoría a avaliación do uso adecuado de luvas, cómpre destacar que no 57,4 % do total de oportunidades nas que non se realizou hixiene de mans, o profesional usaba luvas.